



Por resolución reitoral do pasado día 1 de outubro publicouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos á praza número 15/3022 convocada a concurso de méritos por resolución reitoral do 21 de xullo de 2015, para a contratación laboral dun profesor interino de substitución con dedicación a tempo parcial P06, da Área de Socioloxía, Departamento de Socioloxía e e Ciencia Política e da Administración; Facultade de Socioloxía.

Na dita resolución do 1 de outubro, facíase pública igualmente a composición da comisión de selección encargada de vulgar o concurso para a provisión desta praza (anexo II). Entre os membros da comisión designábase á profesora D<sup>a</sup> Amparo Almarcha Barbado, catedrática de universidade, no cargo de vogal titular da mencionada comisión de selección.

Non obstante, a profesora Almarcha Barbado, cesou na súa relación profesional coa UDC con motivo da súa xubilación o pasado día 31 de agosto deste ano.

Consecuentemente procede a súa substitución polo/a profesor/a que viña como vogal suplente na proposta de composición da comisión de selección elevada ao vicerreitor de profesorado e planificación docente polo Departamento.

Por todo isto, esta Reitoría, comunícalle que se procede á substitución da profesora D<sup>a</sup> Amparo Almarcha Barbado pola profesora **D<sup>a</sup>. Rosa Elena Caramés Balo**, como vogal 2<sup>a</sup> da comisión de selección da praza 15/3022, de acordo co establecido no apartado 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014.

A Coruña, 2 de outubro de 2015

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito

**Profesor D. Antonio Álvarez Sousa**

PRESIDENTE DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DO CONCURSO 15/3022